

MOCIÓN SOBRE O REXEITAMENTO DAS REVÁLIDAS DE 4º DA ESO E DE 2º DE BACHARELATO

A LOMCE foi a lei de educación que levantou máis controversia e oposición social das aprobadas na historia do noso país. Unha lei que o Partido Popular aprobou en solitario, en contra de todas as organizacións sociais e políticas, fronte a toda a comunidade educativa e co rexeitamento xeneralizado de toda a sociedade civil.

As reválidas de 3º e 6º de Primaria e de 4º da ESO e 2º de Bacharelato son unha das medidas que propón a LOMCE, unha lei sobre as que hai un compromiso dunha maioría de forzas políticas para a súa definitiva derogación.

A propia concepción das reválidas como unha avaliación estandarizada e puntual supoñen unha inxustiza e unha presión innecesaria ao facer que o alumnado se xogue o seu futuro académico co resultado dun exame. Desde o punto de vista pedagóxico introducen un elemento fundamente regresivo ao deixar de considerar a educación como un proceso no que hai que considerar as circunstancias persoais e socioeconómicas e as capacidades e actitudes do alumnado.

As reválidas de 4º da ESO e de 2º de bacharelato establecen unha segregación do alumnado que se vai ver obrigado a tomar decisións, de gran trascendencia para o seu futuro profesional, a idades moi temperás. A superación desta proba é requisito indispensable para a obtención dos títulos de Graduado en ESO e Bacharelato, polo que, no caso de non superala, supón invalidar o traballo e os resultados dos catro cursos da ESO e dos dous de Bacharelato respectivamente. Supoñen ademais un elemento excluinte, clasista e elitista contrario ao carácter integrador e garante da igualdade de oportunidades que o ensino debe ter nun estado democrático e solidario.

O carácter externo das reválidas desprestixia o traballo do colectivo docente xa que condicionan a obtención das titulacións de Graduado en ESO e de Bacharelato á superación destas probas. Van ter unha influencia negativa no traballo diario de aula: o profesorado deberá preparar ao alumnado para que este obteña a mellor nota posible e terá que esquecer outros contidos e tarefas fundamentais para a educación integral dunha cidadanía responsable, activa e crítica.

As revalidas están a ter unha forte oposición de todos os sectores educativos como amosa o elevado absentismo do curso pasado pas probas de 3º e 6º de primaria, absentismo que no caso do concello de Teo superou o 80%, e están a provocar inseguridade e incertidume nunha mocidade que pretende entrar no sistema universitario no próximo ano e que iniciou este curso académico sen saber como ía ser a proba que van ter que superar para poder iniciar un camiño que os integrará no mundo laboral.

Por todos estes motivos, propónse ao Pleno do Concello de Teo o seguinte

Acordo:

demandar da administración educativa competente:

Primeiro: a paralización da aplicación das revalidas 4º da ESO e 2º de Bacharelato para rematar coa situación de inseguridade do estudantado que se está a xogar o seu futuro profesional.

Segundo: que se dote ao ensino público dos recursos precisos para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións presentes nas aulas galegas, incluíndo a avaliación continua do alumnado e o deseño das correspondentes medidas de atención á diversidade.

Terceiro: que se manteña o compromiso, adoptado pola maioría de forzas políticas do Congreso dos Deputados, para a definitiva derogación da LOMCE.